

A MULLER PANTERA

Jacques Tourneur, 1942

1364

ESTREA EN NUMAX: 27.08.2024 | V.O.S.G. | 72 min

Oliver coñece a Irena durante unha vista ao zoo. Namoran e acaban contraendo matrimonio. Durante o convite, unha misteriosa muller aparece e afirma ser parente de Irena. Ela comeza desde entón a se comportar de maneira estraña polo que Oliver busca axuda médica. Ao mesmo tempo confía os seus temores á súa amiga Alice o que desencadea os celos de Irena.

«Deixa entrever mundos máxicos e arrepiantes»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS

A proxección, incluída nas actividades do Festival C, celebrarase ao aire libre na parte final da rúa Concepción Arenal. Acceso libre até completar aforo. Organizan Concello de Santiago e Deputación da Coruña.



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



A suxestión das sombras

Por Jacques Tourneur

Nos anos trinta traballei na segunda unidade de realización das producións de David Selznick. Nunha delas, *Historia de dúas cidades* (Jack Conway, 1935), coñecín a Val Lewton. Val e máis eu gustámonos de inmediato. Estabamos interesados nas mesmas cousas e a ambos nos gustaban os barcos. Ao rematar este filme Val foi á RKO e chamoume. Díxome que a noite anterior estivera nunha festa e que alguén lle suxerira facer unha película titulada *Cat People*. Á mañá seguinte Val tiña a encomenda de escribir un guión adaptado a ese título, e non sabía que facer. Era un título algo estúpido e Val era un home con bo gusto polo que se decidiu a non facer a fita de terror barata e sanguenta que o estudio agardaba, senón algo intelixente e elegante.

A primeira persoa que se uniu a nós foi o escritor Dewitt Bodeen. Comezamos a ler e falar e a historia foi agromando da nada. A nivel de progresión narrativa, *Cat People* era moi pobre. Estaba construída sobre un par de situacións mínimas e tiñamos pouco armazón sobre o que traballar. (...) No comezo Bodeen quería escribir unha película de época pero eu opúxenme de contado. Dixen que se o filme tiña que causar arrepío o mínimo era que o público se puidese identificar de maneira doada cos personaxes para poder sentir medo. Indentificarse co americano medio é doado pero como te vas poñer na pel de alguén que viste unha gran capa. Así que mudamos a historia ao período moderno, unha decisión que considero atinada.

Fun á RKO e asinei o contrato. Despois dixen outras tes películas con Val Lewton. *A muller pantera* (*Cat People*) pode parecer hoxe algo infantil ou inxenua, pero creo que había cousas moi boas nela. A produtora obrigoume a que aparecese un gato na escena da sala de debuxo pero eu tiña a intención de suxerir a súa presenza mediante as sombras. A pesar das ordes dos superiores teimeei na miña idea, tentando que nunca houbera a certeza absoluta do que se estaba a ver. Na secuencia da piscina o gato é o meu puño. Tiñamos un foco difuso e empreguei o puño para facer sombras sobre a parede. Até o día de hoxe hai xente que xura que había un gato na escena. Esa é a única maneira en que sei facer cinema: divertíndome.

A rodaxe d'*A muller pantera* durou tan só un par de semanas. O terceiro día xa querían despedirme. Era moi humillante. Mr. Koerner estaba en Nova York cando comezamos a filmar. Lew Ostrow era o produtor executivo e tras ver os brutos dos tres primeiros días de filmación chamou a Val e díxolle: "Imos despedir a este director. Vou poñer a alguén no seu lugar". Val chamou a Koerner pero aínda estaba en Nova York. Ao día seguinte, xa de volta, viu os brutos e dixo: "Deixe a Jacques tranquilo, está a facer un bo traballo".

A muller pantera fixo moito diñeiro. O custe total da produción, negativos incluídos, foi de 130.000 dólares o que era moi barato na altura. O día que se proxectou a copia final nos estudos ninguén quixo falar connosco. Val e máis eu comezamos a camiñar polas beirarrúas e todos cambiaban de beira. Ninguén quería dirixirnos a palabra. Odiábanos. Logo estreárona no Hawaii Theater co compromiso de proxectala unha única semana e estivo en cartel durante 13 semanas, unha máis que *Cidadán Kane* (Orson Welles, 1941). A partir dese momento tratáronnos coma heroes e mesmo recibín unha paga extra de 1000€ como recompensa. A RKO fixo unha chea de cartos con este filme.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El cine de Val Lewton:
Jacques Torneur, Mark
Robson...,
Mark Robson, Val Lewton
e Jacques Tourneur.
Vértice [DVD]

*Jacques Tourneur. El
cinema del anochecer,*
Chris Fujiwara.
Providence Ediciones, 2023

El beso de la mujer araña,
Manuel Puig.
Seix Barral, 2022